



XUNTA ELECTORAL DE GALICIA

Asunto: Acordo da Xunta Electoral de Galicia, do 7 de febreiro de 2024, polo que se resolve a denuncia da representante xeral do Partido Popular contra o Bloque Nacionalista Galego, pola colocación de banderolas en emprazamentos non permitidos no Concello de Vilariño de Conso (Ourense) (doc. RE 422/2024).

A Xunta Electoral de Galicia, á vista dos seguintes

ANTECEDENTES

1. O 4 de febreiro de 2024, a representante xeral do Partido Popular formaliza unha denuncia (doc. RE 422/2024) na que aduce que *"A dita formación política colocou carteis en farolas, formando un sistema de banderolas en lugares non permitidos para o seu emprazamento no Concello de Vilariño de Conso."* e que *"trátase de lugares non autorizados para iso, segundo se desprende do acordo da Xunta Electoral de Zona publicado no Boletín Oficial da Provincia do 10 de xaneiro"*.
2. O 6 de febreiro de 2024, logo da reunión da Xunta Electoral de Galicia, trasladóuselle ao Bloque Nacionalista Galego copia da denuncia (RS 1095/2024), aos efectos de formular alegacións. Deste traslado deuse coñecemento á representante xeral do Partido Popular (RS 1096/2024).
3. O mesmo 6 de febreiro de 2024, o Bloque Nacionalista Galego formulou escrito de alegacións (doc. RE 432/2024), no que solicita o arquivo da denuncia ao *"non ser competencia das Xuntas Electorais resolver sobre a colocación de cartelería fóra dos espazos ofertados pola Administración Electoral."*

FUNDAMENTO XURÍDICO

Vistos os acordos da Xunta Electoral Central nos que ten sinalado que: *"Cumplida la obligación legal por el Ayuntamiento de poner a disposición los soportes para la colocación gratuita de carteles, el control de las decisiones de las corporaciones locales en cuanto a espacios comerciales autorizados no corresponde a la Administración Electoral, salvo que se puedan contravenir los principios acogidos en el artículo 8 de la LOREG."* (acordo do 24 de maio de 1995) e que *"La Administración Electoral carece de competencia para el*



XUNTA ELECTORAL DE GALICIA

enjuiciamiento y sanción, en su caso, de los incidentes que se denuncien por entidades políticas producidos con ocasión de la colocación de carteles. La competencia corresponde a la jurisdicción ordinaria." (Acordos de 3 de marzo de 1986 e 7 de setembro de 2014, Ac 17 e 24 de maio de 1999 e 22/05/2011).

E en aplicación dos criterios precedentes, procede comunicar que é a propia Administración Municipal a que, no seu caso, resulta competente para sancionar as posibles contravencións da normativa local en materia de colocación de carteis nos espazos públicos pertencentes á súa demarcación territorial; en tanto que, en aplicación do artigo 8 da LOREX, corresponde intervir á Administración Electoral unicamente en aquelas ocasións en que a denuncia formulada resulte que están comprometidos os principios de transparencia e obxectividade do proceso electoral, así como o principio de igualdade entre as diferentes formacións políticas que participen no mesmo. Polo que, non quedando acreditado no suposto denunciado que se vexan afectados os principios sinalados, esta xunta electoral

ACORDA

O arquivo da denuncia.

En execución do presente acordo, e para o cumprimento do disposto no art. 21.2 LOREX, desenvolvido pola Instrución da Xunta Electoral Central 11/2007, do 27 de setembro, comunícolle que contra el poderá interpoñer recurso de alzada ante a Xunta Electoral Central, que deberá presentarse ante esta Xunta Electoral de Galicia, para o seu informe, antes das 10:00 horas do próximo día 9 de febreiro de 2024.

O recurso poderá presentarse por correo electrónico no seguinte enderezo:
xunta.electoral.galicia@parlamentodegalicia.gal

A Coruña, data da sinatura electrónica
Por orde do presidente
da Xunta Electoral de Galicia